



**Concello de Tomiño**

PONTEVEDRA

tomino@concellos.depontevedra.es

### DECRETO

Vista a resolución desta alcaldía do 27 de febreiro de 2015 pola cal se aprobaron as bases dos procesos selectivos para cubrir as 30 prazas subvencionadas para a execución do Plan de conservación e funcionamento de bens e servizos municipais 2015, de acordo coas bases que publicou a Deputación de Pontevedra no BOP do 2 de xaneiro de 2015.

Dado que os beneficiarios destes postos deben ser persoas desempregadas que non cobren prestación excepto RAI, Risga ou Prepara e que figuren na lista que para cada un dos postos nos enviou a Oficina de Emprego de Tui.

Nas devanditas bases, como maneira de ordenar o proceso de selección do persoal que cubrirá os nomeados postos, estableceuse no punto cuarto dos Anexos I e II a necesidade de que os interesados convocados pola Oficina de Emprego, presentasen entre os días 9 e 16 de marzo de 2015 o modelo de solicitude que o Concello estableceu ao efecto, xunto coa documentación requirida para poder participar neste proceso.

Pese a todo isto, e despois de facer por parte do Concello a presentación e entrega das normas que ían rexer este procedemento o pasado día 9 de marzo. Algúns dos interesados entenderon mal as datas límite que tiñan para a presentación das solicitudes e presentáronas fora do prazo establecido nas nomeadas bases. Pero ao mesmo tempo, teñen mostrado interese en poder continuar no proceso de selección.

Por estas razóns, dado que aínda nos atopamos en prazo para emenda das solicitudes presentadas polos restantes candidatos e en uso das facultades que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local de 2 de abril, o artigo 24 do RD Legislativo 781/1986, de 28 de novembro, e o 61 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia,

#### RESOLVO:

Que se admitan a continuar no proceso de selección aquelas persoas que foran convocadas pola Oficina de Emprego de Tui para este proceso de selección, sempre e cando presenten o modelo de solicitude requirido e a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos mínimos da praza que se trate. **Tendo de prazo ata o 19 de marzo de 2015 ás 14:00.**

O que se fai público para xeral coñecemento.

Tomiño, 18 de marzo de 2015

A alcaldesa

Sandra González Alvarez

